



Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é unha das claves –non só da narrativa galega na décadas dos oitenta e dos noventa– senón tamén da poesía. Sinatura frecuente na RDL dende o anos noventa, para Rivas escribir “é sempre aprender, loitar contra o meigallo da preguiza e a indiferencia”. Xornalista, analista lúdico do país e guionista, toda a súa poética, acaba de saír do prelo da editorial Espiral Maior baixo o título ‘Do descoñecido ao descoñecido’ e xa antes nun libro-CD antolóxico ‘O pobo da noite’. O Rivas que se deu a coñecer no verso con ‘Libro do Entroido’ (1979) avanzaba naquela entrega constantes que incluíria na súa obra posterior: contemporaneidade e país.

Manuel Rivas

O peso na cabeza

O meu pobo ten os ollos suspensos en formol.
Déronlle de beber aos vivos,
déronlle de beber tanto aos vivos
que estouparon por dentro como un fusil inservíbel.
Os vivos eran unha nube que pasaba.
Recordo que entón se dicía:
chegará unha mocidade de estrelas.
As mulleres cosían e cosían.
Unha vez atopeinas dentro dun tapiz,
inmóbiles, cos seus rostros de mazá,
cercadas polas ondas.
Era a miña mirada a que estaba aloulada.
Non era quen de velas saír:
Aló van
cunha esfera do mundo,
feita de silveira,
pousada no moído da cabeza.